



Investigación en retorno



Medio centenar de persoas participaron na xornada do CITIC sobre captación de talento galego no exterior

Atopar respostas eficaces para que a nosa comunidade investigadora no exterior teña a oportunidade de regresar e facer carreira aquí, na mellor das situacións posibles. Este foi o gran obxectivo da xuntanza celebrada este 13 de xuño na sede do Centro de Investigación TIC (CITIC) da Universidade da Coruña, a xornada *Retornando talento emigrado*, organizada xunto co Consello Social da UDC.

En termos máis concretos, a finalidade foi "poñer en valor a mobilización internacional do persoal docente e investigador e impulsar iniciativas que posibiliten o regreso destes profesionais para transferir o coñecemento e excelencia a súa Universidade e país de orixe". A xornada contou con preto de medio centenar de asistentes.

A apertura do evento correu a cargo do reitor da UDC, Julio Abalde; o presidente do Consello Social da UDC, Antonio Abril Abadín; e o director do CITIC, Manuel F. González Penedo. Na inauguración, o reitor da UDC sinalou que a Universidade ten "un reto moi importante", xa



que "ademais de atraer talento, tamén debe conseguir retelo" e proporcionar "estabilidade e posibilidade de desenvolvemento da carreira investigadora".

Pola súa banda, o director do CITIC, indicou que o obxectivo do centro é "dar un paso máis no retorno e na captación de persoal" e que se deben "atopar fórmulas que permitan recuperar a esas persoas e integralas no ámbito da Universidade". O presidente do Consello Social da UDC destacou a "aposta da Universidade pola investigación como garantía de futuro do noso país", apuntando tamén que "o saldo migratorio do

talento é moi negativo, xa que en España non se aposta por iso".

Participaron no evento diferentes expertos do panorama nacional que presentaron diferentes programas de captación de talento: o director do Centro de Regulación Genómica (CRG), Luis Serrano Pubul, que presentou a SOMM Alliance; o vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC, Salvador Naya Fernández, co programa InTalent; o director xeral de Ikerbasque, a Fundación Vasca para a Ciencia, Íñigo Atxutegi Basagoiti; e o director de ICREA, Antonio Huerta Cerezuela. ■

O CITIC é o primeiro centro de investigación español en incorporarse á Asociación Española para a Intelixencia Artificial

O Centro de Investigación TIC da Universidade da Coruña (CITIC) vén de incorporarse á Asociación Española para a Intelixencia Artificial (AEPIA). Trátase dunha asociación sen ánimo de lucro creada en 1983 e formada por socios numerarios e institucionais, que ten o obxectivo de fomentar o desenvolvemento dos sistemas tecnolóxicos intelixentes tanto no ámbito español como no Iberoamericano. O CITIC é o primeiro centro de investigación español en formar parte desta relevante entidade.

Entre os fins da AEPIA atópase a creación e coordinación de grupos de traballo, o apoio á transferencia de tecnoloxía, o apoio a entidades para facilitar a súa innovación e aplicación das técnicas e aplicacións da Intelixencia Artificial, e proporcionar un soporte e foro de discusión a investigadores e estudantes nas súas actividades relacionadas cos sistemas intelixentes.

Segundo lembra o CITIC a respecto da súa incorporación á entidade, ao redor da metade dos seus investigadores traballan en proxectos relacionados coa IA, "polo que é unha disciplina de gran interese para nós". O centro coruñés tamén salienta que a presidenta da AEPIA, Amparo Alonso, é investigadora do CITIC. "A nosa incorporación á AEPIA", engade, "suporá unha excelente oportunidade para a cooperación con diferentes institucións no ámbito da IA e o fomento da transferencia de resultados á sociedade".